

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES 1º BACH

SEMANA 27-30 ABRIL

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN

1. Uso do H

Este grafema non corresponde a ningún fonema na nosa lingua. Temos que aprender o seu uso, en posición inicial ou medial, memorizando o vocabulario en que aparece.

Algúns casos corresponden a prefixos grecolatinos bastante comúns como *hidro-*, *hiper-*, *hipo-*, *homo-*, *hepta-* etc., ou a verbos de uso moi frecuente como *haber*.

Completa as seguintes frases colocando a letra H se fose necesario no espazo en branco:

Unha persoa tan **apática** e **hipocondríaca** tiña forzosamente que **encarar** a vida con moi pouco sentido do **humor**.

O **ecuador** divide a terra en dous **hemisferios**.

O seu comportamento era totalmente **incoherente** e **errático**.

Fuco é unha das formas **hipocorísticas** de Francisco.

Naquel **hospicio había** un número enorme de rapaces **orfos**.

Os bombardeos **aliados** sobre as cidades de **Alemaña** na Segunda Guerra Mundial causaron unha **auténtica hecatombe**, un tremendo **holocausto** de sangue e **horror**.

Encontrei a **Helena** no **hipermercado** comprando leite, **ovos** e **hortalizas**.

Nos **hipódromos ingleses** fanse múltiples **apostas**.

2. Sufixos -nte

A continuación aparecen definicións de palabras que presentan os sufixos *-ente*, *-inte* ou *-iente*.

Procura a palabra correspondente a cada definición:

ASTRINXENTE: Substancia que se usa como antidiarreico e antiséptico.

ATRAENTE: Que atrae.

BATENTE: Parte do marco de portas e fiestras en que se deteñen e baten ao pechar.

CONSCIENTE: Que sente, pensa ou obra con pleno coñecemento.

DEFICIENTE: Que ten ou mostra algunha deficiencia.

COMPETENTE: Que realiza con competencia a misión ou traballo que ten destinado.

ESIXENTE: Que esixe moito ou é difícil de contentar.

EXCIPIENTE: Substancia inerte que se mestura cos medicamentos para darlles consistencia e sabor.

INGREDIENTE: Cousa que entra con outras nun composto, por exemplo na preparación dunha comida.

INTERVENIENTE: Que intervéen nun acto.

NUTRIENTE: Substancia que nutre.

PROVENIENTE: Que provén.

SEGUINTE: Que vén ou ocorre inmediatamente despois doutro.

SUPERVIVENTE: Que sobreviviu a algo.

VERTENTE: Cada un dos declives ou pendentes por onde corre ou pode correr a auga

